

ANEXO II

Procedemento de preinscrición en liña

1. Acceso ao sistema.
2. Entrada á aplicación.
3. Procedemento de matriculación.
4. Confirmación de matrícula.

1. Acceso ao sistema.

O acceso á preinscrición en liña realizarase desde o enderezo:

<https://www.eoidigital.com/preinsxunta>

2. Entrada á aplicación.

- I. Datos de identificación.

A persoa que desexe solicitar unha praza nas escolas oficiais de idiomas deberá darse de alta no sistema. Para iso deberá indicar a súa data de nacemento e o seu número de DNI ou NIE.

O formato destes campos indicárase na pantalla:

- Data de nacemento: dd-mm-aaaa.
- DNI: 8 díxitos seguidos dunha letra.
- NIE: comezará por X, Y ou Z, seguido de 7 díxitos, e finalizará pola letra correspondente.

- II. Datos persoais.

Unha vez que se acceda coa data de nacemento e o número identificativo, terase acceso a unha pantalla para introducir os datos persoais.

Será obrigatorio cubrir unha serie de campos para seguir co proceso de solicitude. Os datos que se solicitan son de nacemento e de residencia.

Igualmente, terase que introducir un contrasinal que permitirá con posterioridade acceder ao proceso de preinscrición en liña.



Para os casos de perda de contrasinal, pedirase tamén unha pregunta/resposta secreta que permita recuperar o contrasinal. Os datos introducidos poderán ser modificados con posterioridade, sempre e cando o/a usuario/a posúa os datos de acceso.

3. Solicitude de praza.

Unha vez cubertos todos os campos de datos persoais, e a continuación das pantallas de confirmación, accédese á solicitude de prazas.

A pantalla conta, en primeiro lugar, con dous cadros despregables de datos nos cales hai que indicar o idioma que se solicita e o curso.

A oferta é conxunta entre todas as escolas oficiais de idiomas de Galicia, polo que no despregable aparecerá a oferta de todas as EOI.

A orde para solicitar unha praza é a seguinte:

I. Elección do idioma.

II. Elección do curso entre os ofertados para o idioma seleccionado anteriormente.

III. Elección do centro en que se desexe a praza.

IV. Elección do grupo segundo os ofertados.

Os puntos III e IV poden ser repetidos varias veces nunha mesma solicitude.

A solicitude é única por idioma, é dicir, un mesmo solicitante non poderá realizar máis dunha preinscrición para un mesmo idioma.

Dentro da preinscrición poderanse realizar varias opcións para unha mesma solicitude.

A solicitude realizada poderá ser consultada, modificada e mesmo eliminada en calquera momento e sempre que o proceso non estea pechado, segundo os prazos establecidos.

O sistema poderá emitir xustificantes como garantía da solicitude da praza.

4. Modificación de solicitudes realizadas.

Se o prazo de preinscrición non está pechado, a través da mesma páxina é posible acceder á información introducida, e poderanse modificar tanto os datos persoais como as preinscricións.



Poderanse engadir novas preinscricións, modificar opcións dentro dunha preinscrición e mesmo eliminar preinscricións existentes. O acceso por segunda vez e posteriores realizarase coa data de nacemento, o DNI/NIE e o contrasinal indicado no momento da alta.

5. Consulta de solicitudes.

Durante todo o proceso poderase acceder á consulta das solicitudes realizadas.

Unha vez realizada a adxudicación de vacantes, na consulta de preinscricións poderase ver se se obtivo praza ou non.

6. Adxudicación de prazas.

A adxudicación de prazas realizarase da seguinte maneira:

I. No momento da preinscrición, a aplicación asignaralle un número a cada solicitude.

II. Seguindo o procedemento establecido nesta resolución, obterase, en sorteo público, un número de corte por idioma. Este número obterase de entre todos os números que a aplicación lle asignou a ese idioma. Tomarase como primeiro/a alumno/a a solicitude que teña o número obtido.

III. Comprobaranse as peticións efectuadas polo/a solicitante e, se hai dispoñibilidade no primeiro grupo que solicitou, asignaráselle praza inmediatamente, descartando o resto de peticións feitas para ese mesmo idioma por esta persoa.

IV. Se non hai prazas dispoñibles na primeira opción, tense en conta a súa segunda opción, e así sucesivamente. En caso de que en ningunha das opcións solicitadas existan prazas vacantes, descartarase esta solicitude e continuarase coa solicitude que teña o seguinte número, en orde ascendente.

V. Unha vez comprobadas as peticións de todas as persoas solicitantes, xerarase unha lista de reservas, que terá en conta unicamente a primeira opción solicitada e comezará pola primeira persoa solicitante que non obtivese praza.

7. Confirmación de matrícula.

A confirmación de matrícula realizarase desde a mesma aplicación que se utiliza na matriculación oficial, segundo se dispón no anexo III.

